



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e catro de setembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguineo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 16 de setembro de 2019 e da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de setembro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 16 de setembro de 2019 e á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de setembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, que asistiron todos eles ás citadas sesións e están hoxe presentes, aprobou os borradores.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 6 de setembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), pola que se procede á segunda convocatoria para o ano 2019, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. (Diario Oficial de Galicia número 178, do 19 de setembro).

3º.- Expedientes de contratación

3.1. Adxudicación ao licitador Caeiro, S.A. no importe de 12.390,22€ sen IVE, (14.992,17 € IVE incluído), da “Subministración de vehículo automóbil tipo utilitario con destino á Sección de Servizos do Concello de Cambre”. Expediente núm. 2019/C002/000150

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de setembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 8/5/2019 elaborouse polo enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz a memoria valorada para a “Subministración de vehículo automóbil tipo utilitario todocamino con destino á Sección de Servizos do Concello de Cambre”, cun orzamento de 15.600 €, IVE incluído.

Con data 9/5/2019 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo enxeñeiro técnico industrial municipal, a concelleira delegada da Área de Servizos e polo alcalde, motivado na necesidade de adquirir un vehículo automóbil híbrido (gasolina+GLP), tipo todocamino con accesorio de remolque, xa que o actual vehículo co que conta a Sección de Servizos resulta insuficiente para os desprazamentos da totalidade do persoal técnico que deben realizar labores de inspección, control e supervisión dos traballos derivados das prestacións asumidas por dita Sección, tendo en conta que a dispoñibilidade do actual vehículo se ve limitada polo continuo mantemento que require debido á súa antigüidade, e coa finalidade de dotar á Sección de Servizos do Concello de Cambre dun vehículo multifunción de transporte de persoal para un correcto desenvolvemento dos traballos técnicos pertinentes, que xunto co vehículo actual e co devandito vehículo multifunción cobran as necesidades de transporte de persoal por todo o termo municipal de Cambre e o transporte de pequeno material e ferramenta, así como debido ao accesorio de enganche para remolque que levará axustado, lógrase un maior grao de capacidade de carga ao poder levar axustado un pequeno remolque para tal uso, co que se consegue unha economía de esforzo a optimización do tempo efectivo dos traballos e unha mellora organizativa do servizo a prestar polo Concello de Cambre. Con eso dase cumprimento ás competencias propias que ostenta o concello na materia de equipamentos da súa titularidade, conforme se estipula no artigo 25.2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP .

Con data 18/06/2019 emítese informe polo interventor municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2019 1532 62400 e de que as empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non constan contratacións anteriores dentro do actual exercicio orzamentario, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, o Sr. Alcalde, (a día de hoxe, a Xunta de Goberno Local, segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo, de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 4/07/2019 emítese informe polo enxeñeiro técnico industrial municipal e polo enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da Sección de Servizos no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Luís Aragonés y CIA, S.L.
- Caeiro, S.A.

- Caetano Fórmula Galicia, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Caeiro, S.A.	12.390,22€	14.992,17€
Caetano Fórmula Galicia, S.L.	12.846,62€	15.544,41€
Luis Aragonés y Cia, S.L.	12.916,62 €	15.629,11€

formulando proposta de adjudicación da “Subministración de vehículo automóbil tipo utilitario con destino á Sección de Servizos do Concello de Cambre”, á empresa Caeiro, S.A., con NIF A15018146 e domicilio en avda. As Xubias, s/n-Casablanca-15006-A Coruña, no prezo ofertado de 12.390,22€ sen IVE, (14.992,17 € IVE incluído), por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, (factor prezo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola técnica de Xestión de Administración Xeral de data 18 de setembro de 2019, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada elaborada polo enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz para a subministración de vehículo automóbil tipo utilitario todocamino con destino á Sección de Servizos do Concello de Cambre, cun orzamento de 15.600 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 1532 62400.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000150, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei

9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para a subministración dun vehículo automóbil tipo utilitario con destino á Sección de Servizos do Concello de Cambre, á empresa Caeiro, S.A., con NIF A15018146 e domicilio en avda. As Xubias, s/n-Casablanca-15006-A Coruña, no prezo ofertado de 12.390,22€ sen IVE, (14.992,17 € IVE incluído), por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, (factor prezo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 13 ao 19 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da

Alcaldía número 1842/2019 e remata coa resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras número 1914/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1842/2019	13-09-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de setembro de 2019
1843/2019	13-09-2019	Autorización ocupación de espazo público no parque da Igrexa, zona Abanca, o días 21 e 22 de setembro de 2019, en horario de 11:00 h. a 14:00h. para colocar unha mesa de 1,10 metros x 1 metro, co fin de recoller inscricións para a andaina que se realizará o vindeiro 29 de setembro.
1844/2019	13-09-2019	Redistribución sábados auxiliares Biblioteca Arquivo. Quendas e libranzas de setembro a decembro 2019
1845/2019	13-09-2019	Recurso contencioso-administrativo, procedemento abreviado número 0000088/2019 Representación e defensa. Expediente: TEDeC 2018/P001/000012 responsabilidade patrimonial
1846/2019	13-09-2019	Convocatoria sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 16 de setembro de 2019
1847/2019	13-09-2019	Anticipo de dúas mensualidades e achega de recibo de cancelación de anticipo anterior
1848/2019	13-09-2019	Baixa no servizo de axuda no fogar (JSP.)
1849/2019	13-09-2019	Baixa no servizo de axuda no fogar (AMCM)
1850/2019	13-09-2019	Solicitude de devolución de ingresos indebidos de don JED pola taxa por ocupación do dominio público con motivo da venda ambulante pola feira do Temple do ano 2018 (2019/G003/001611)
1851/2019	13-09-2019	Adianto da nómina do mes de setembro de 2019 a funcionaria de carreira por importe de 300 euros
1852/2019	13-09-2019	CM : Cultura no Camiño: Pedro Brandariz
1853/2019	13-09-2019	Autorización de venda ambulante ocasional nas festas de Bribes
1854/2019	16-09-2019	Convocatoria da sesión constitutiva da Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións do día 19 de setembro de 2019
1855/2019	16-09-2019	Convocatoria da sesión ordinaria das Comisións Informativas Permanentes do día 19 de setembro de 2019
1856/2019	16-09-2019	Substitución da rede de abastecemento no Vilar (Sigrás)
1857/2019	16-09-2019	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xullo de 2019
1858/2019	16-09-2019	Aprobación de liquidacións do prezo público polo Programa de actividades xuvenís mes de xullo 2019
1859/2019	16-09-2019	Aprobación liquidacións Escolas de Actividade Física e Saúde verán 2019
1860/2019	16-09-2019	Solicitude de devolución de ingresos indebidos de EMPF pola taxa por ocupación da vía pública
1861/2019	16-09-2019	Reposición legalidade urbanística por realización de actividade de

		hostelería sen licenza no Pazo de Brexo, Brexo, Cambre por CJ, S.L.
1862/2019	16-09-2019	CM: Actuación teatral ACAB: "Mulleres de teatro" - 22/09/2019 - 20.00 h
1863/2019	16-09-2019	Aprobación lista admitidos actividade xuvenil O teixo de Corneas
1864/2019	16-09-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 11.779,11 euros
1865/2019	16-09-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Seoane, Anceis. Propiedade: JLRC
1866/2019	16-09-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Seoane, Anceis. Propiedade: Herdeiros de MRM
1867/2019	16-09-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Seoane, Anceis. Propiedade: Herdeiros de ARB
1868/2019	16-09-2019	Reposición legalidade urbanística por realización de actividade de hípica con construción de cuadras e zona de adestramento en finca sita en Anceis, Cambre
1869/2019	16-09-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas: Parcela chea de maleza invadindo camiño público en Rúa Freixo. Propiedad P, S.L.
1870/2019	16-09-2019	Expediente sancionador por depositar restos de obra nun contedor de residuos fronte a vivenda sita en Aián, Sigrás por MPL
1871/2019	16-09-2019	Denegación axuda farmacia a RLC por non estar acreditada a situación de necesidade
1872/2019	16-09-2019	Desistencia a solicitude de axuda de emerxencia social de JANV por non achegar documentación requirida no prazo establecido.
1873/2019	16-09-2019	Desistencia de solicitude axuda alimentación de PAG por non achegar documentación requirida no prazo establecido.
1874/2019	16-09-2019	Denegación de axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal, segundo o disposto no artigo 6. Solicitante: BBR
1875/2019	16-09-2019	Concesión de axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal. Solicitante: MPTP
1876/2019	17-09-2019	Aprobación inicial proxecto urbanización polígono 1 do Plan de sectorización SAU-BD8, Quintán
1877/2019	17-09-2019	Solicitude axuda emerxencia social recibo luz e gas de AHC
1878/2019	17-09-2019	Concesión de tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a MSF
1879/2019	17-09-2019	Solicitude axuda emerxencia social vale de alimentos MDH
1880/2019	17-09-2019	Alta no servizo de axuda no fogar MCDM
1881/2019	17-09-2019	Alta no servizo de axuda no fogar GTL
1882/2019	17-09-2019	Alta no servizo de axuda no fogar LMC
1883/2019	17-09-2019	Alta no servizo de axuda no fogar CRV
1884/2019	17-09-2019	Alta no servizo de axuda no fogar GRT
1885/2019	17-09-2019	Alta no servizo de axuda no fogar JJDM
1886/2019	18-09-2019	Licenza para a parcelación da finca sita en Meixigo, Cambre, de 1763



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		m ² , resultando tres parcelas de 631,75 m ² , 973,50 m ² e 157,75 m ² , cedéndose esta última ao Concello para regularización do viario
1887/2019	18-09-2019	Licenza de segregación para finca sita en Lg. San Bartolomeu, Pravio de 3.009 m ² en catro fincas de 829, 856, 936 e 388 m ² , sendo a de 388 m ² de cesión para viais
1888/2019	18-09-2019	Solicitude da Comunidade de propietarios da praza da Ría de bonificación da cota do ICIO por proxectos de instalacións de tres ascensores no edificio
1889/2019	18-09-2019	Solicitude da Comunidade de propietarios da rúa Francisco Rodríguez de bonificación da cota do ICIO por proxecto de instalación dun ascensor no edificio
1890/2019	18-09-2019	Modificación das quendas de sábados e as correspondentes libranzas das auxiliares de biblioteca-arquivo
1891/2019	18-09-2019	Contrato menor: Cultura no Camiño: A Gramola Gominola
1892/2019	18-09-2019	Contrato menor a Migallas Teatro, SL, representado por María Dolores Campos Cabaleiro Actividade "Canta connosco"! Biblioteca Central 18/09/2019
1893/2019	18-09-2019	Solicitude da Comunidade de propietarios de rúa Constitución de bonificación da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras por proxecto de instalación dun ascensor no edificio
1894/2019	18-09-2019	Aprobación da campaña de prevención da violencia de xénero "En negro contra as violencias: Cambre en Negro" para os anos 2019 e 2020.
1895/2019	18-09-2019	Recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 30 A correspondente a facturas por importe total de 67.415,68 euros
1896/2019	18-09-2019	Contrato menor a Paula Regueiro García Actividade 3 "Que animaliño é?" - Biblioteca M Os Templarios 19/09/2019
1897/2019	18-09-2019	Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 31 A correspondente a facturas por importe total de 75.980,01 euros
1898/2019	18-09-2019	Ampliación xornada laboral conserxe CEIP Graxal
1899/2019	18-09-2019	Expediente voluntariado GCPV
1900/2019	18-09-2019	Contrato menor a Antonio Rodríguez Arenas - Actividade Obradoiro de cartón BD - 20/09/2019 - 17.30 h
1901/2019	18-09-2019	Contrato menor a Elisabet Hillerud. Actividade Caderno de lectura con Zentangle. Biblioteca Municipal Central - 25/09/2019 - 17.30 h
1902/2019	18-09-2019	Contrato menor a M Rosario Pita Villares Actividade "A Familia Papaventos" Biblioteca M. Os Templarios - 26/09/2019 - 18.30 h
1903/2019	19-09-2019	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en nave industrial sita na Xira, Sigrás. Propiedade: AJS
1904/2019	19-09-2019	Expediente sancionador por obras realizadas en nave industrial sita na Xira, Sigrás. Propiedade: AJS
1905/2019	19-09-2019	Baixa de recibo de auga a nome de JÁGS e aprobación de nova liquidación por erro no suxeito pasivo (1º T 2018)
1906/2019	19-09-2019	Axudas por emerxencia social alimentos MRLD



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1907/2019	19-09-2019	Axuda emerxencia social alimentos BCID
1908/2019	19-09-2019	Axudas por emerxencia social alimentos SCL
1909/2019	19-09-2019	Baixa de recibos de auga a nome de LÁL e aprobación de novas liquidacións por erro no suxeito pasivo (1º, 2º e 3º T 2018 e 1º e 2º 2019)
1910/2019	19-09-2019	Autorización de venda ambulante ocasional nas festas de Brexo Lema
1911/2019	19-09-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 62.092,40 euros
1912/2019	19-09-2019	Aprobación de certificacións de obra correspondentes á obra "Reordenación dos estacionamentos rúa Río Sil, A Barcala (POS+ Adicional 1/2017)", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 50.575,41 euros, así como o seu pagamento
1913/2019	19-09-2019	Licenza para segregas da parcela de 1.536 m ² sita en Gosende -Andeiro unha parcela de 171,55 m ² para posteriormente cedela ao Concello. Solicitante: AMG
1914/2019	19-09-2019	Licenza para segregas da finca sita en Samosteiro-Cambre de 5.229,04 m ² unha porción de 269,93 m ² para posteriormente cedela ao Concello. Solicitante: TMV

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación cos seguintes asuntos:

- A. Aprobación do expediente de contratación núm. 2018/C004/000024, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de organización e desenvolvemento das actividades educativas do Concello de Cambre

- B. Adxudicación do servizo de «Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020», a prol do licitador Pumbariño, SL., no prezo ofertado para as dúas anualidades de 30.947,86 euros sen IVE, 34.912,14 euros IVE incluído

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A. - Aprobación do expediente de contratación núm. 2018/C004/000024, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de organización e desenvolvemento das actividades educativas do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de setembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 19 de setembro de 2019, elaborouse pola animadora deportiva adscrita a Educación, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal, o informe técnico relativo á proposta para iniciar expediente de contratación, aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución e réxime de penalizacións do contrato para a contratación do servizo de organización e desenvolvemento das actividades educativas do Concello de Cambre, cun valor estimado de 25.091,46 euros e un orzamento base de licitación de 25.480,16 euros.

Nesa mesma data do 19 de setembro actual, asínase pola animadora deportiva adscrita a Educación, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo, e maila memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento.

Consta Informe de Intervención asinado o 26 de xullo de 2019 pola interventora accidental da Corporación, respecto da existencia no orzamento de 2019 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 326.22709

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 19 de setembro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría accidental e máis do interventor municipais, de data 19 de setembro de 2019, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para desenvolver un servizo de actividades educativas extraescolares: predeportivas, deportivas e culturais durante o curso escolar a todos os nenos e nenas de toda Educación Infantil, toda Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato e para nais e pais con fillos e fillas en idade escolar , que se levan a cabo en dependencias municipais, actividades que veñen incluíndose nun contexto de conciliación da vida familiar e laboral, e véñense realizando no noso Concello dende hai xa anos, polo que o Concello ten interese en garantir a continuidade destes servizos xa establecidos, de acordo co disposto no art. 3 da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local así como en cumprimento das competencias municipais en materia de ocupación do tempo libre, (art. 25. 2.I da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico

español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2018/C004/000024, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de organización e desenvolvemento das actividades educativas do Concello de Cambre, cun valor estimado de 25.091,46 euros e un orzamento base de licitación de 25.480,16 euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 326.22709, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidente: O Sr. alcalde e, como suplente, a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona M^a Dolores Pan Lesta.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
O coordinador de actividades culturais e educativas municipal, e como suplente, a dinamizadora cultural dona M^a Pilar Paz Delgado

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca, e como suplente a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría dona Verónica M^a Otero López

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B.- Adxudicación do servizo de «Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020», a prol do

licitador Pumbariño, S.L., no prezo ofertado para as dúas anualidades de 30.947,86 euros sen IVE, 34.912,14 euros IVE incluído. Expediente núm. 2019/C004/000016

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de setembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da *Xuntanza do Maior* a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, cun orzamento base de licitación de 31.348,86 € e 36.635,14 euros IVE incluído.

Vistas as propostas que constan no informe de apertura do órgano de asistencia de data 6 de setembro de 2019, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada na mesma data, a prol do licitador *Pumbariño, S.L.* no prezo ofertado de 30.947,86 euros sen IVE, 34.912,14 euros IVE incluído, por ser a única entidade cuxa proposición cumpre os requisitos do procedemento e non atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, e maila suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe da coordinadora de Servizos Sociais de data 19 de setembro de 2019.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria accidental da Corporación, de data 19 de setembro de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 260/2019 Fase D/AD emitido polo interventor municipal con data do 23 de setembro de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade coa proposta que consta no informe do órgano de asistencia de data 6 de setembro de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela a oferta presentada pola empresa *Pumbariño, S.L.*, por ter presentado o sobre ou arquivo electrónico coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente.

Segundo: De conformidade coa proposta que consta no informe do órgano de asistencia de data 6 de setembro de 2019, e tendo en conta que o prego de cláusulas administrativas constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar, e que a cláusula 13.2, último parágrafo, do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II, punto 11º, do referido prego, e de conformidade co artigo 159.4 LCSP, esixen expresamente a inscrición dos licitadores que se presenten a esta licitación, no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou no seu caso no Rexistro Oficial da Comunidade Autónoma na data final de presentación de ofertas, excluír a oferta presentada polo licitador *Casa Taboada, S.C.*, ao non atoparse inscrito en ningún dos citados rexistros na data final de presentación de ofertas (30 de agosto de 2019).

Terceiro: De conformidade coa proposta que consta no informe do órgano de asistencia de data 6 de setembro de 2019, adjudicar o servizo de “Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, á empresa *Pumbariño, S.L.* con CIF B32419137 e domicilio en Estrada de Ourense-A Mezquita 4 A- 32830 A Merca (Ourense), no prezo ofertado, para os dous anos de contrato, de 34.912,14 € IVE incluído, 30.947,86 € sen IVE, por ser a única entidade cuxa proposición cumpre os requisitos de procedemento e non atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Cuarto: De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adjudicatario do acordo de adjudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Quinto: Nomear como responsable do contrato á coordinadora de Servizos Sociais Municipal, de conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do



13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sétimo: Notifíquese á responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

María Luisa de la Red Ampudia